

ARTIGOS

Que buscan os usuarios habitualmente no *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG)? /

/ Manuel González González e
Begoña González Rei

O xerundio: caracterización xeral e clasificación /

/ Xosé Antonio Pena Romay



QUE BUSCAN OS USUARIOS HABITUALMENTE NO DICCIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA?

Manuel González González
Real Academia Galega
manuel.gonzalez.gonzalez@usc.es

Begoña González Rei
Instituto español “Vicente Cañada Blanch” (Londres)
begorei@yahoo.com

Resumo: A partir da análise dos datos das palabras máis buscadas no DRAG durante o ano 2017, preténdese descubrir que tipo ou tipos de información buscan prioritariamente os usuarios do *Diccionario* da RAG e cales son os factores que inducen principalmente a un usuario a acudir ao dicionario en busca de información. O estudo destes datos móstranos que amais do significado dunha voz, o usuario tamén adoita buscar outros tipos de información: autenticidade da voz, ortografía correcta, pronunciación, información morfolóxica... No estudo conclúese que os dous factores externos que máis inflúen no número de buscas dunha palabra son a circulación desta nos medios de comunicación social e a súa presenza no mundo escolar.

Palabras chave: DRAG, lexicografía, uso do dicionario, Real Academia Galega, corrección lingüística.

Title: What do users usually look for in the Dictionary of the Royal Galician Academy?

Abstract: Based on the analysis of the data of the most sought-after words in the DRAG during the year 2017, it is intended to find out what kind of information the users of the *Dictionary* of the RAG seek primarily and what are the factors that mainly induce a user to go to the dictionary in search of information. The study of these data shows that, besides the meaning of a voice, the user

also often seeks other types of information: voice authenticity, correct spelling, pronunciation, morphological information... In this study it is concluded that the two external factors that most influence the number of searching for a word are the circulation of this in the social media and its presence in the educational world.

Key words: DRAG, lexicography, use of the dictionary, Royal Galician Academy, Real Academia Galega, linguistic correction.

1. QUE NOS OFRECE O DRAG

O *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG) é unha obra de enorme incidencia social, cun índice de consultas sorprendente para unha lingua dun número relativamente reducido de falantes, como é o galego. Son unhas 60.000 consultas diarias a través de Internet (accedendo ben a través da páxina web da RAG ou ben a través do *Portal das Palabras*), ás que hai que engadir un número igualmente importante de consultas a través das apps para móbiles, das que non sabemos o número, pero que non deben ser poucas se temos en conta que hai unhas 70.000 apps do DRAG instaladas en dispositivos móbiles.

É obvio que calquera dicionario é susceptible de ser utilizado por un usuario para buscar toda clase de información que conteña a obra. Cadaquén procurará un tipo de información ou outro segundo as súas necesidades.

Sábese que xeralmente a maioría das persoas acoden aos dicionarios de lingua para ver o significado dunha palabra que non coñecen ou non coñecen con precisión. Todos, cando estamos lendo un libro ou estamos escoitando unha conferencia e batemos cunha voz que non sabemos que quere dicir, adoitamos consultar no dicionario o seu significado para podermos descodificar correctamente o texto.

Pero, cada vez máis, o dicionario é utilizado tamén con outras finalidades, como buscar un sinónimo ou un antónimo, coñecer aspectos gramaticais (como o xénero dun substantivo, ou como se forma o feminino dun nome, ou o réxime dun verbo), resolver dúbidas de ortografía, coñecer a realización fonética correcta dunha

voz, informarse do sociolecto ou rexistro no que se utiliza unha palabra etc.

Non todos os dicionarios ofrecen o mesmo tipo de información, e por iso é necesario, antes de tratar de descubrir que buscan os usuarios no DRAG, examinarmos que informacións nos fornece a obra.

O DRAG é un dicionario que contén na súa macroestrutura unha serie de artigos co léxico que pode ser considerado como propio do galego común, é dicir, o léxico que pode utilizar unha persoa dun nivel cultural máis ben elevado cando non está desenvolvendo unha actividade fortemente especializada que esixa unha terminoloxía exclusiva dese ámbito, coñecida unicamente polos especialistas desa área.

Nas aproximadamente 60.000 entradas do DRAG o primeiro que se nos ofrece é información sobre a corrección ou incorrección dunha palabra en galego, xa que, cando se trata dunha voz que se documenta frecuentemente na fala, pero que debe ser evitada, esta vai riscada e remite a outra voz que é considerada máis correcta na lingua galega.

Outra información que se deduce da simple consulta do lema dun artigo do dicionario é a ortografía correcta da palabra. Coa soa observación da grafía do lema sabemos que *bolboreta* se escribe con dous *b*, que *harmonía* se escribe con *h*, que *producción* se escribe cun só *c* ou que *argüir* se grafa con diérese enriba do *u* e con acento no *i*.

O DRAG ofrécenos tamén información sobre a pronunciación (ou, no seu caso, pronunciacións) que se considera máis correcta dunha voz. Indícanos, por exemplo, cando a grafía *x* debe pronunciarse [ʃ] ou debe pronunciarse [ks]¹, ou cando o grafema *e* dunha palabra debe ser pronunciado como [ɛ] ou como [e]. Pero, ademais, ten incorporado o *Diccionario da pronuncia* (Regueira 2010), que nos permite a reprodución oral dos lemas contidos no dicionario.

Unha información importante no DRAG é a de tipo gramatical, que nos posibilita coñecer a categoría gramatical de cada

1 Segundo as norma de uso do DRAG, o grafema *x* pronúnciase sempre como “fricativo, prepalatal, xordo”, a non ser cando se indica explicitamente que a súa pronunciación é [ks], como ocorre, por exemplo en *xenon* [ks] ou *paradoxo* [ks].

voz (se é substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, preposición...), o xénero dos substantivos (que nos informa, por exemplo, de que *síndrome* ten xénero feminino en galego, e por iso debemos dicir *a sida* e non *o sida*), o réxime dun verbo (que nos indica, por exemplo, que *avellentar* pode ser transitivo ou intransitivo, pero *envellecer* é só intransitivo).

Recentemente incorporouse ao DRAG un conxugador verbal (González 2002), ferramenta utilísimas e moi usada no mundo escolar, grazas ao que podemos coñecer a conxugación completa de calquera verbo contido no DRAG, tanto regular coma irregular.

Hai outras informacións no dicionario, que moitas veces non son suficientemente valoradas: a de tipo sociolectal, imprescindible para un uso social correcto da lingua, que nos indica, por exemplo, que *cona* é unha voz vulgar; a tecnolectal, que nos fai saber, por exemplo, que *bafó*, á parte do significado na lingua común, ten outro especializado na linguaxe médica; a diafásica, que nos informa de se unha voz é familiar ou se é propia dun rexistro culto, e que nos permite saber que *obstinado* pertence a un rexistro máis formal que o seus sinónimo *cabezán*.

Pero o que constitúe o núcleo dunha obra coma o DRAG é o significado ou significados de cada palabra. Dentro do artigo lexicográfico, introducido por un lema, o usuario poderá atopar as distintas acepcións de cada voz, con indicación para cada unha destas acepcións dos seus sinónimos, antónimos e voces próximas semanticamente.

Quen se achegue ao DRAG poderá encontrar tamén información sobre os fraseoloxismos da lingua galega, agora dunha maneira moito máis amigable e eficiente, xa que coa incorporación da escritura predictiva, cando se está escribindo unha palabra para consultar, no cadro aparecerá non só esta palabra senón tamén os fraseoloxismos que a conteñen (*medo, medo escénico*).

2. PALABRAS MÁIS BUSCADAS NO DRAG AO LONGO DO ANO 2017

As dúbidas dos usuarios relacionadas co léxico son moi diversas, e a necesidade de acudir ao dicionario para resolvelas afecta en maior ou

menor medida todo tipo de persoas. Por iso no uso diario dun dicionario é difícil que se concentren as consultas nun grupo concreto de palabras. Cando se dispara o número de consultas sobre unha voz ou un grupo de voces é porque hai algún factor esóxeno ao propio coñecemento lingüístico da comunidade que o provoca. Este factor esóxeno pode ser de distinto signo: un determinado acontecemento natural, unha campaña publicitaria, unha actividade escolar etc.

Esta é a lista das 50 voces máis buscadas no DRAG durante o ano 2017:

	Lema	Total buscas a través da web	Clase palabra
1	afouteza	66.145	s
2	cona	27.234	s
3	botar	25.202	v
4	esmorga	23.286	s
5	conacha	22.547	s
6	porén	22.222	c
7	dioiva	19.481	s
8	só	18.860	adv, adx, s
9	ademais	15.946	adv
10	poder	15.868	v
11	fóra	14.895	adv
12	mais	14.837	conx
13	máis	14.784	adv, pr
14	présa	14.226	s
15	ola	14.087	s, interx.
16	dar	14.029	v
17	vir	13.605	v
18	luscofusco	12.944	s
19	chimpín	12.813	s
20	ir	12.594	v
21	gravar	12.594	v
22	trosma	12.561	s

23	presa	12.067	s, adx
24	teimudo	11.635	adx
25	ter	11.613	v
26	ver	11.214	v
27	pé	11.101	s
28	facer	10.625	v
29	asemade	10.501	adv
30	respecto	10.435	s, loc. prep.
31	ser	10.352	v
32	labor	10.133	s
33	so	10.078	prep
34	dó	9.977	s
35	fin	9.503	s
36	miñaxoia	9.342	s
37	votar	9.272	v
38	dicir	9.128	v
39	dioivo	9.119	s
40	mañá	9.099	s
41	bo	9.088	adx
42	haber	9.070	v
43	bóla	8.943	s
44	aí	8.931	adv
45	e	8.897	conx
46	aínda	8.890	adv
47	estar	8.634	v
48	cumprir	8.506	v
49	desfrutar	8.245	v
50	personaxe	8.131	s

Se nos fixamos na categoría gramatical das palabras, vemos que dezoito delas son substantivos (o grupo maioritario), dezaseis son verbos, cinco adverbios, tres conxuncións, dous adxectivos, un pre-

posición, un caso que pode ser adverbio, adxectivo ou substantivo, un caso que pode ser adverbio ou pronome, un caso que pode ser substantivo ou adxectivo, un caso que pode ser substantivo ou interxección e un caso que pode ser substantivo e formar parte dunha locución preposicional. Vemos, pois, que nas cincuenta palabras máis buscadas están representadas todas as clases de palabras, menos os artigos. A non aparición dos artigos ten lóxica se temos en conta que constitúen un paradigma con moi pouco número de elementos, que non adoitan ter dificultades de comprensión.

3. QUE FACTORES INDUCEN A ACUDIR A UN DICCIONARIO?

O exame das voces máis buscadas no ano 2017 pode axudarnos a descubrir algunhas das razóns externas que inducen a unha persoa a buscar unha determinada voz no DRAG.

3.1. A IMPORTANCIA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

3.1.1. Afouteza

A voz que aparece en primeiro lugar no elenco de buscas é o substantivo *afouteza*. Debemos preguntarnos, pois, cales poden ser as razóns que converten este termo no máis demandado do DRAG:

- a. O primeiro factor lingüístico determinante que leva alguén a acudir a un dicionario para consultar unha palabra é xeralmente o descoñecemento ou coñecemento impreciso do seu significado. Se no ano 2017 unhas setenta mil persoas buscaron no DRAG esta voz é porque descoñecían o seu significado. Efectivamente, *afouteza* é unha palabra con moi pouca vitalidade na lingua oral actual. Aínda que está presente na lingua galega desde a Idade Media e mantivo unha presenza continuada na lingua literaria, a súa utilización no galego oral moderno é moi escasa e o seu significado preciso pouco coñecido.
- b. Ao descoñecemento do significado exacto desta voz contribúe tamén o feito de que non posúe un cognado no castelán.

- c. É unha palabra que gusta pola súa forma, que leva a pensar que, mesmo non coñecendo o seu significado, este debe ser algo positivo.
- d. Esta palabra aparece na letra do himno do Celta de Vigo e era escoitada unha e outra vez polos asistentes ao estadio de Balaídos, se ben é certo que para a maioría resultaba unha voz semanticamente opaca. O factor externo desencadeante da busca masiva desta voz no DRAG foi, sen dúbida, unha campaña de captación de socios do Celta de Vigo que se centraba nesta palabra tomada da letra do seu himno, campaña que tivo unha amplísima difusión a través dos medios de comunicación social: televisión, radio, prensa.

3.1.2. Teimudo

O caso de *teimudo* é outro exemplo de voces cuxo alto número de consultas foi provocado pola súa presenza nos medios de comunicación social, particularmente na televisión. A empresa *Gadis* leva xa varios anos cunha liña de anuncios e publicidade na que se esforza por identificarse como galega e na que trata de poñer o acento nas características, moitas veces tópicas, que mellor definen o carácter dos habitantes de Galicia. Na publicidade do ano 2017, cunha presenza continuada na televisión e demais medios de comunicación, insítese na caracterización dos galegos como *teimudos*, é dicir, como testáns ou, visto positivamente, como tenaces, persoas que insisten de maneira continuada en algo que queren conseguir. E é fundamentalmente o impacto desta campaña publicitaria o que explica o alto número de buscas. Podemos pensar noutras dúas circunstancias que favoreceron o interese por acceder ao dicionario en busca do significado desta voz:

- a. Trátase dunha palabra opaca para os non galegofalantes, ao non haber unha voz irmá, da mesma familia etimolóxica, en castelán.
- b. Ao ser presentada esta palabra como indicadora dunha característica do carácter dos galegos, moitas persoas acoden ao dicionario para coñecer con precisión en que consiste esta característica.

3.1.3. Sapoconcho

É esta unha voz que ten sempre un alto nivel de consultas no dicionario, pero sen chegar a acadar os primeiros postos na clasificación. É normal que sexa unha voz frecuentemente buscada no dicionario por diversas razóns:

- a. Porque non ten un significado transparente: a base *sapo* non leva a pensar nunha tartaruga, e a voz *concho* non é tan popular como para que un usuario cunha formación media a identifique co casco da tartaruga.
- b. Non ten un correspondente en castelán do tipo ‘sapo caparazón’ que poida axudar a interpretar a formación do significado en galego.
- c. É unha palabra “bonita” que non pasa desapercibida cando é lida ou escoitada por alguén.

Pero o elevarse no ano 2017 ás primeira posicións nas buscas no DRAG débese unha vez máis ao poder dos medios de comunicación. O feito determinante do incremento de buscas desta voz foi a participación dun concursante galego no programa de TVE *Operación triunfo*. Coñecedor da condición galega do concursante, o presentador preguntoulle se non lles ía ensinar algo de lingua galega aos demais concursantes, compañeiros da academia de *Operación triunfo*, e de seguido convidouno a que dixese algunha palabra en galego. O concursante respondeu inmediatamente: “sapoconcho”. Esta anécdota tivo tanta incidencia que a partir dese momento o concursante era identificado co alcume “sapoconcho” máis que co seu nome de pía “Roi”.

3.1.4. Chimpín

Chimpín, co significado de ‘tractor agrícola lixeiro e de pequenas dimensións’ é unha palabra de recente creación, que empezou a popularizarse na década dos 90 do pasado século. A primeira documentación literaria que temos dela é do ano 1993 na novela *Pleno*

ordinario (Valadé 1993)², e a segunda é do ano seguinte na novela *Criminal* de Xurxo Borrazás (1994: 49)³.

É normal que, ao estarmos diante dunha voz de creación recente, haxa moitas persoas que necesiten acudir ao dicionario para coñecer o seu significado. Pero tamén neste caso hai coadxuvantes externos que contribuíron sen dúbida á que esta palabra estivese “de moda”, cunha alta presenza nos medios de comunicación. No ano 2017 o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín dedicou unha das súas tribunas no Faro de Vigo, que conta cun gran número de lectores, a esta palabra. Esta foi a palabra do día no *Portal das Palabras* o 14 de agosto deste mesmo ano, de maneira que as persoas, sobre todo escolares, que acudiron ao *Portal das Palabras* ese día bateron con esta voz. Esta voz apareceu diversas veces en titulares de noticias nos medios de comunicación, cando, por exemplo, se di “Un chimpín al borde del abismo en As Mariñas”, onde se conta que un veciño de Baredo levou o susto da súa vida ao quedar colgado co seu chimpín dun precipicio de tres metros de altura, moi cerca da beira do mar.

Pero probablemente a noticia que máis veces apareceu con esta voz nos medios de comunicación foi a da concesión do *Chimpín de Prata*, que cada ano concede o Festival de Cans aos veciños que participan na súa celebración, e que este ano 2017 se lle outorgou a Feliciano Bernárdez “Xano”, o chimpineiro máis veterano do Festival de Cans, con 77 anos, que ten levado ducias de directores, directoras, actores, actrices e personalidades que visitan o festival.

É. xa que logo, con toda probabilidade a forte presenza nos medios de comunicación desta palabra o factor que fixo subir de maneira excepcional o número da súa consulta no DRAG.

3.2. O ESPERTAR DA PUBERTADE: CONA, CONACHA, PIROLA

Así como na infancia hai unha etapa en que os nenos experimentan certo pracer en repetiren unha e outra vez certas palabras escatolóxicas, como *caca*, *pis*, *cu*, *peido*, porque lles parecen graciosas e porque observan que producen a atención dos adultos, durante a puberdade

2 Cito a través do *CORGA*.

3 Cito a través do *TILG*.

existe unha etapa en que os rapaces presentan unha especie de obsesión por descubriren as palabras relacionadas coa sexualidade e, de maneira moi particular, coas que fan referencia aos órganos sexuais tanto masculinos coma femininos.

Cona, conacha e pirola son tres voces que fan referencia aos órganos sexuais dos seres humanos. Todos temos lembranza de buscar nos dicionarios en certas fases da nosa infancia ou da puberdade este tipo de palabras, ben de maneira individual, ben en grupo. Cabe, polo tanto, supoñer que unha parte moi importante das consultas destes termos procede de usuarios en etapa escolar nunha época da súa vida en que os temas relacionados coa sexualidade espertan moito interese.

Hai aínda outro factor non desprezable, que debeu contribuír a estes niveis tan altos de busca. A aplicación de consulta do DRAG por Internet presenta sempre a lista das 10 palabras máis consultadas na semana, e deuse o caso de que algunha destas voces chegou a estar bastante tempo en cabeza das palabras máis buscadas. O aparecer en primeiro lugar na listaxe de buscas esperta en por si un interese especial, ten un efecto chamada sobre o usuario, que espera poder encontrar no artigo correspondente a esa voz algunha información sorprendente ou impactante que explique o feito de que tanta xente acuda a ver a información que ofrece o dicionario sobre ela. Este efecto chamada axudou tamén de maneira considerable á permanencia durante moitas semanas consecutivas dalgunha destas palabras na cabeza das buscas.

3.3. VÓCES QUE CARECEN DE COGNADO NO CASTELÁN

Unha parte importante de persoas que acoden ao DRAG en busca de información foron educadas en castelán e teñen un déficit de coñecemento de léxico galego, sobre todo daquel que non ten un correlato claro no castelán actual.

As palabras *afouteza, teimudo, sapoconcho* ou *chimpiñ* que acabamos de examinar carecen todas elas de cognado en castelán. Este é o caso tamén de *miñaxoia*, que examinamos a continuación.

3.3.1. Miñaxoia

O substantivo *miñaxoia* ten un elevado índice de frecuencia no uso tanto literario coma na lingua dos medios de comunicación, e para toda persoa que non estea familiarizada coa palabra non resulta fácil desentretiñar o seu significado, xa que este non resulta transparente. Non son poucos os que ao bateren con esta voz fan unha interpretación semántica literal, sumando o significado dos seus dous compoñentes, e coidan que indica algo así como ‘meu querido’ ou ‘miña querida’, que evidentemente está ben lonxe dos seus significados reais, que recolle o DRAG, de ‘persoa sen malicia ningunha’ (*búrlanse todos del porque é un miñaxoia*) e de ‘persoa que ten pouco valor ou ánimo, mesmo para afrontar situacións habituais da vida cotiá’ (*É un miñaxoia e dálle vergoña expoñer as súas queixas*). Engade o DRAG que tamén se usa frecuentemente como interxección, para expresar compaixón ou mágoa de alguén (*miñaxoia!, fai o que pode*).

Cada vez que un lector descoñecedor da palabra a atopa nas súas lecturas, ao ver que na maioría dos casos o significado que se podería deducir da suma dos seus elementos non cadra co contexto no que aparece, tratará de acudir ao dicionario para cerciorarse do seu significado correcto. E este feito aínda ten maior vixencia no mundo escolar, cando os alumnos baten coa voz nas súas lecturas: é unha das palabras sobre as que, por non ter cognado no castelán, teñen que insistir de maneira recorrente os profesores de galego, tanto nas clases de lingua como nas de literatura, para lograren que os alumnos a interpreten correctamente e aprendan a empregala adecuadamente.

3.3.2. Luscofusco

Luscofusco, coas súas variantes *lusquefusque* e *lusco e fusco*, é unha desas palabras que podemos considerar bonitas e suxestivas. Indica o momento en que a luz solar ten pouca incidencia sobre a superficie terrestre, marcando a transición do día á noite ou da noite ao día. Por iso tanto se pode referir á bocanoite ou crepúsculo coma á alborada ou rompente do día.

O certo é que a voz *luscofusco*, coñecida tamén no portugués coa grafía *lusco-fusco*, non ten cognado no castelán, polo que moitas

persoas instaladas no castelán descoñecen o seu significado e necesitan acudir ao dicionario na busca de información.

Non é unha palabra que pase facilmente desapercibida porque, debido precisamente a que se trata dunha forma suxestiva, é utilizada frecuentemente como nome comercial. Calquera persoa que faga unha busca en Google pode ver como este é o nome que se lle dá, entre outros, a diversos hotéis, a un local de copas, a restaurantes, a un espazo infantil, a un festival, a un programa de televisión, ao título dun libro, a unha exposición de fotografías, e mesmo a un mercado nacido como alternativa para as persoas que polas súas obrigas laborais non poden acudir aos mercados composteláns nos horarios habituais, e que atopan neste espazo unha posibilidade de compraren á noite alimentos básicos, como produtos de horta, legumes e froitas locais, sen necesidade de acudir a grandes áreas comerciais.

3.3.3. Trosma

Outro caso de palabra que non ten cognado no castelán é o substantivo *trosma* (coas variantes *prosmá* e *prosmeiro*), que designa unha persoa pouco esperta e pouco espelida, que adoita andar apavada e actúa con torpeza. *Trosma* é o nome que leva unha produtora de Ourense, que se dedica á produción, coprodución e montaxe de todo tipo de eventos e festivais, pero descoñecemos se houbo algunha circunstancia externa ou a presenza intensa nos medios de comunicación social desta palabra, que favorecesen a busca desta voz no dicionario.

3. 4. A HOMONIMIA: BOTAR

A existencia dalgún tipo de homonimia, trátase tanto de homofonía ou de homografía é tamén un factor que favorece a consulta no dicionario. A homofonía non implica necesariamente homografía, e é frecuente que un usuario da lingua teña dúbidas ante dous homófonos sobre se se escriben ou non da mesma maneira, ou, de ser o caso, se algún dos pares leva un acento diacrítico para distinguilo doutro ou doutros. E, tampouco a homografía implica necesariamente homofonía, polo que o falante pode ter dúbidas sobre se dúas

voces que se escriben de igual maneira, teñen ou non a mesma pronunciación, dúbida que pode resolver acudindo ao DRAG, onde atopa a realización fonética da palabra.

O verbo máis buscado no DRAG durante o ano foi *botar*, un verbo ao que acoden en busca de información tanto persoas que non coñecen o galego ou o coñecen imperfectamente como falantes perfectamente instalados no galego. Pero a razón de acudir ao dicionario é ben distinta para estes dous grupos.

En galego temos dúas palabras homógrafas *botar*¹ e *botar*², que no DRAG aparecen da seguinte maneira:

Botar¹

verbo transitivo

1 Facer chegar [unha cousa] a un sitio mediante un impulso.

Bótame as chaves pola ventá. Botar o risón. CONFRÓNTESE

LANZAR.

2 Facer caer [algo] nun lugar determinado. *Hai que botar a roupa no cesto.*

3 Deixar saír ou facer saír fóra de si [algo]. *O dragón botaba lume pola boca.* SINÓNIMOS **EXPELER, EXPULSAR** *O tubo de escape comezou a botar un fume negro. Esta estufa bota moita calor.* SINÓNIMOS **DESPEDIR, DESPRENDER.** Tamén absoluto. *Este caldeiro bota.* CONFRÓNTESE **DEITAR, PERDER.**

4 Producir unha persoa, un animal ou un vexetal [unha parte nova que complete o seu organismo ou o seu desenvolvemento]. *Botar follas unha árbore. O neno xa botou os dentes.*

5 Mover ou inclinar [o corpo ou un membro] en determinada dirección. *Bota a cabeza para o lado.*

6 Pór [unha cousa] sobre ou en contacto con outra. *Botoulle un remendo ao pantalón.*

7 Obrigar a marchar dun lugar. *Botárono da clase por armar escándalo.* SINÓNIMOS **CHIMPAR, EXPULSAR.** *Dixo que os querían botar do piso.*

8 Obrigar a abandonar un traballo ou unha ocupación. *Vano botar da empresa.* SINÓNIMOS **CHIMPAR, DESPEDIR.**

9 Facer que escape ou marche [un animal] asustándoo. *Bota ese gato de aí.* SINÓNIMOS **ESCORRENTAR, TORNAR.**

- 10** Realizar ou levar a cabo [aquilo que indican certas palabras].
Botar a sesta. Botar unha ollada. Botar unha firma.
- 11** Ofrecer ao público. *Que película botan? Hoxe botan un programa de animais na televisión.* SINÓNIMO **DAR**.
- 12** Facer varias partes de [unha cousa ou un conxunto de cousas] e dalas a diferentes persoas. *Botar a comida.* SINÓNIMO **REPARTIR**. *Botar cartas.* SINÓNIMOS **DAR, REPARTIR**.
- 13** Calcular ou supoñer [unha cantidade]. *Cantos anos lle botas? Bótalle o que me custaron os libros.*
- 14** Empregar ou investir [certo tempo] en algo. *Botei tres horas intentando amañar o coche.*
- 15** Estar [durante certo tempo] nun lugar. *Botou cinco días na cidade.*
- 16** Expresar [algo] en voz alta. *Botar un discurso. Botar blasfemias.*
- 17** Provocar [un animal] para que ataque. *Botoulle os cans.*
- 18** Enterrar [unha planta nova ou semente] para que prenda e medre. *Están na leira botando o millo.* SINÓNIMO **SEMENTAR**.
- 19** Facer entrar na auga [un navío] despois de construído ou reparado. *Botaron o barco na rampla principal do estaleiro.*
- 20** Facer que [un animal macho] cubra a femia. *Botáronlle o carneiro á ovella.*

verbo pronominal

- 21** Precipitarse ou lanzarse bruscamente cara a algo ou alguén.
Botouse á auga para salvar o rapaz. Botouse cara a min.

FRASES E EXPRESIÓNS CON **botar**

Botar a andar (algo) VÉXASE **ANDAR**

Botar a culpa VÉXASE **CULPA**

Botar + a + inf Indica o comezo da acción expresada polo infinitivo. *En canto viu a seu pai, botou a correr.*

Botar a perder VÉXASE **PERDER**

Botar as culpas VÉXASE **CULPA**

Botar en falla VÉXASE **FALLA**¹

Botar en falta VÉXASE **FALTA**

Botar pestes VÉXASE **PESTE**

Botarse + a + inf Indica o comezo da acción expresada polo infinitivo. *Botouse a rir.*

Botarse a perder VÉXASE **PERDER**

Botarse atrás Retirar o que se dixo ou renunciar a unha actitude que se adoptara. *Pénsao ben e logo non te botes atrás.* **SINÓNIMO VOLVERSE ATRÁS**

Botar un sono VÉXASE **SONO**

Ser (alguén) botado Ser moi atrevido, mesmo chegando á imprudencia. *É un rapaz moi botado.* **SINÓNIMO SER BOTADO PARA DIANTE**

Ser (alguén) botado para diante Ser (alguén) botado. *Ás veces hai que paralo, pois é moi botado para diante.*

Botar²

verbo transitivo

1 Facer que [algo] saia despedido despois de chocar contra un obstáculo. *Os pequenos xogaban a botar a pelota contra a parede.*

verbo intransitivo

2 [Corpo elástico] saír despedido despois de chocar contra un obstáculo. *A pelota bota no chan.*

Botar¹ non ten correspondencia no castelán, que, frecuentemente, utiliza para estes significados o verbo *echar*. Por iso non resulta estraño que persoas que non teñen unha certa familiaridade coa lingua galega, cando atopan este verbo, non entendan ben o seu significado e necesiten acudir ao dicionario en busca de información.

Pero unha parte importante das consultas proceden de persoas perfectamente instaladas no galego que nalgúns casos teñen dúbida sobre se é bo galego o verbo *botar²*, e tamén sobre se os dous verbos deben escribirse e pronunciarse da mesma maneira. Moitos galegos pronuncian a vogal radical do *botar¹* con [o] pechado, mentres que realizan a de *botar²* con [ɔ] aberto, e queren saber se esta pronunciación distinta se marca ou non con acento diacrítico en determinadas formas do paradigma. Queren saber se, por exemplo, *bota* se escribe ou non do mesmo xeito nos enunciados *O pai bota unha sesta* (pronunciado con *o* pechado) e *o balón non bota ben* (pronunciado con *ò* aberto).

A homofonía que se produce entre formas destes dous verbos e *votar* e as dúbidas gráficas sobre se se deben escribir con *b* ou con *v* poden favorecer tamén o alto nivel de consulta que ten este último verbo, aínda que ben é certo moito máis baixo ca o dos grafados con *b*.

3.5. A NECESIDADE DE COÑECER A ORTOGRAFÍA CORRECTA

Un dos motivos frecuentes de consulta do DRAG é a dúbida sobre a ortografía correcta das palabras, sobre todo naqueles casos en que o usuario sospeita que existe algunha diferenza con respecto ao castelán. As dúbidas ortográficas preséntanselle a calquera usuario da lingua, pero é no ámbito escolar onde máis se insiste sobre a escritura normativa das palabras, por iso trataremos este aspecto máis abaixo na epígrafe *O dicionario como auxiliar no mundo escolar*.

3.6. O DICCIONARIO COMO AUXILIAR NO MUNDO ESCOLAR

Todos os casos de dificultades examinados ata agora que favorecen a consulta do dicionario poden afectar a calquera usuario da lingua, e polo tanto tamén aos nenos e rapaces. Pero hai unha serie de problemas que afloran nas palabras máis buscadas que teñen unha especial vinculación co mundo escolar e co proceso de aprendizaxe da lingua e da literatura galegas. Os traballos no ámbito escolar e, de maneira especial, as actividades realizadas nas clases de Lingua e literatura galegas teñen sen dúbida unha influencia enorme no índice de buscas de determinadas voces no DRAG, voces pertencentes ás diversas clases de palabras, como *esmorga*, *asemade*, *vir*, *máis*...

3.6.1. O estudo do léxico

3.6.1.1. A Esmorga, o título dunha obra de lectura escolar

Esmorga é unha palabra con alta presenza nas aulas de literatura galega, porque *A Esmorga* é o título dunha importante novela de Eduardo Blanco Amor, obxecto de estudo no programa desta materia e, en moitos casos, mesmo de lectura obrigada. Dado que se trata dunha voz que reflicte aspectos da nosa etnicidade, con

significados non transparentes e descoñecidos nunha gran parte do territorio galego, non é estraño que moitos alumnos e lectores acudan ao dicionario, onde atoparán as dúas acepcións deste substantivo feminino: 1. ‘Diversión buliciosa e esaxerada’. *Pasou toda a noite de esmorga* (cos sinónimos *algueirada, carallada, chola², festa, foliada, gandaina, rexouba, riola, ruada, troula, trouleo, xolda*) e 2. ‘Comida abundante que toman varios amigos xuntos’. *Xuntábanse os xoves á noite para faceren unha esmorga*.

A esta motivación académica hai que engadir outras circunstancias que contribuíron sen dúbida a que o número de buscas fose tan alto, como a realización dunha película baseada na obra literaria, ou que o concello de Ourense popularizase un percorrido pola cidade cos lugares que aparecen na obra literaria. Tanto un feito coma o outro tiveron unha forte repercusión nos medios de comunicación e contribuíron á difusión social da palabra *esmorga* e, en consecuencia, a estimular que os descoñecedores desta palabra acudisen ao dicionario en busca do seu significado.

3.6.1.2. A incorrección dunha forma usual: desfrutar

O verbo “desfrutar” non é tradicional na lingua galega. É, con toda seguridade, un préstamo relativamente recente do castelán *disfrutar*. O galego, para expresar os significados deste verbo castelán botaba man doutras palabras: gozar, aproveitar, saborear... Neste momento o DRAG incorpora a voz *desfrutar*, pero como forma pouco recomendable por non ser xenuína galega.

No galego popular de hoxe o verbo *desfrutar* está xa moi entendido, pero no mundo escolar a utilización deste verbo é frecuentemente corrixida polos profesores, que recomenden aos alumnos a súa substitución por outra voz máis galega.

É este carácter de voz pouco recomendable o que leva a moitos alumnos a acudir ao dicionario en busca de indicacións sobre a forma máis acaída para substituíla.

3.6.1.3. Formas dispares dunha mesma familia léxica: personaxe

As familias léxicas adoitan ter a mesma base para todos os seus membros. Se collemos, por exemplo, a familia de *camiño*, vemos

que todos os derivados presentan a base *camiñ-*: *camiñ-o*, *camiñ-ada*, *camiñ-ante*, *camiñ-eiro*, *en-camiñ-ar*, *en-camiñ-ador*, *en-camiñ-amento*, *desen-camiñ-ar*, *desen-camiñ-ado*...

Pero hai veces en que algún membro dunha familia ten unha historia particular que lle provoca algunha diverxencia de tipo formal con respecto á maioría dos elementos que a compoñen. Na familia de *persoa* a maioría dos integrantes presentan a base *persoa-*: *persoa*, *persoal*, *impersoal*, *persoalmente*, *impersoal*. Pero hai outro grupo desta familia que presenta a base *person-*, ben por tratarse de formas cultas que adoptan a raíz tal como era en latín, ben por tratarse de palabras que entraron no galego como préstamos doutras linguas. Neste segundo caso está *personaxe*, que entrou no galego a través do francés *personnage*, e que por iso conserva o *-n*.

Existe certa tendencia a unificar todos os membros da familia, e moita xente que inda non domina ben o idioma tende a regularizar a familia e dicir **persoaxe*, en vez de *personaxe*. Por iso non é estraño que nos exercicios escolares de estudo do léxico apareza a palabra *personaxe*, e que os alumnos acudan ao dicionario en busca de información sobre a súa forma correcta.

3.6.1.4. A corrección ou incorrección de variantes: aínda, mañá

As variantes diatópicas existen en todas as linguas, pero non todas as variantes deste tipo teñen cabida na norma estándar dunha lingua: unha nena de Mazaricos di habitualmente *mañán é domingo*, pero sabe que existen, e escoita todos os días na televisión, tamén as formas *mañá* e *domingo*, e é normal que se lle presenten dúbidas sobre a adecuación ou inadecuación á norma das formas que ela utiliza. Este feito adoita provocar moitas dúbidas durante o proceso de aprendizaxe e asentamento da variante normativa da lingua galega (e tamén doutras linguas).

Para o galego están admitidas dentro da norma tanto as formas *aínda* como *inda*, pero pola contra, non se acepta o resultado *-án* da terminación latina *-ANA*, e polo tanto non son aceptadas dentro do estándar **mañán* ou **mazán*. Dado que *aínda/inda* e *mañá/mañán* son palabras de uso moi frecuente, serán tamén moitos os casos de dúbida que se lles presentan aos usuarios mentres non

teñan ben asentado o coñecemento da norma, e que necesitan ser disipados mediante a información proporcionada polo dicionario.

No caso de *aínda* a frecuencia de consultas probablemente se vise favorecida tamén por persoas que descoñecen o galego e que acoden ao dicionario na procura do seu significado, ao tratarse dunha forma que non ten cognado no castelán, que adoita utilizar con valores semellantes *aún*.

3.6.2. O estudo da morfoloxía

3.6.2.1. O coñecemento do xénero: labor

Hai un grupo de substantivos que presentan xénero gramatical distinto no galego e no castelán: *o nariz / la nariz, o mel / la miel, a paisaxe / el paisaje, a viaxe / el viaje...* Os profesores deben insistir no uso correcto do xénero destas palabras en galego, de aí que abunden os exercicios destinados a fixar a aprendizaxe do xénero deste grupo de substantivos. Entre eles está *labor*, que debe o alto índice de buscas no DRAG sen dúbida ao feito de que posúe un xénero gramatical diferente da mesma palabra en castelán.

3.6.2.2. Os adverbios, conxuncións e preposicións

Ao estudar as palabras gramaticais, como os adverbios, conxuncións ou preposicións, é normal que o profesor faga fincapé naquelas que non teñen correspondencia co castelán ben no significante ben no significado.

3.6.2.2.1. *Porén*

É estraño que unha palabra gramatical, e polo tanto pertencente a unha lista reducida e cerrada de formas, figure entre as voces máis buscadas nun dicionario. Isto, non obstante, ocorre coa palabra *porén*, que figura en sétimo lugar entre as palabras máis buscadas no DRAG no ano 2017. Hai que preguntarse, xa que logo, a que se pode deber esta “anomalía”.

Nalgúns manuais escolares de lingua galega advírtese da incorrección da conxunción adversativa *sen embargo*, e entre as alternativas galegas que ofrecen está *porén*, voz desaparecida da fala

popular e posta en circulación desde ambientes académicos, polo que se explica facilmente que unha parte moi importante dos nosos escolares descoñeza o seu significado exacto e acuda ao dicionario en busca de información precisa. É, pois, a ausencia de *porén* no léxico patrimonial que aprenden os nenos na casa e o descoñecemento do significado preciso desta conxunción, unidos á recomendación en certos libros académicos do seu uso como substituta dunha forma que se considera incorrecta en galego o que explica un número tan elevado de consultas no dicionario.

3.6.2.2.2. *Asemade*

Outro caso, en certo modo similar, é o de *asemade* que tamén debe o número tan alto de consultas no DRAG sen dúbida ao mundo escolar. Trátase dun adverbio ou conxunción cun uso non sempre fácil, e polo tanto a miúdo incorrecto, sen correspondencia nin formal nin semántica cunha forma castelá paralela, e sobre a que o alumno necesita información axeitada, que lle fornece o DRAG:

asemade

Adverbio 1 Ao mesmo tempo, simultaneamente. *Non se pode comer e falar asemade*. OBSERVACIÓNS: O uso desta palabra co significado de *tamén* ou *igualmente* considérase incorrecto

Conxunción 2 Tan pronto como. *Foi o primeiro que vimos asemade entramos*.

3.6.2.2.3. *Ademais* (e *amais*)

Equivalente ao adverbio castelán *además*, o galego presenta a forma paralela *ademais*, pero ao seu lado posúe outra variante, *amais*, de uso bastante xeneralizado. As dúas formas son auténticas galegas, e están recollidas dentro da norma actual da nosa lingua. Pero hai moitas persoas non suficientemente familiarizadas coa norma que teñen a dúbida de se a forma do adverbio *ademais*, e consecuentemente a da locución prepositiva, *ademais de* son auténticamente galegas ou calcos incorrectos do castelán. É esta dúbida sobre a galeguidade ou non de *ademais* a que explica o alto índice de buscas desta forma no DRAG.

3.6.2.3. O estudo do verbo

Na morfoloxía verbal unha das cuestións sobre a que máis adoitan insistir os profesores é a conxugación dos verbos irregulares. Como xa dixemos, o DRAG ten incorporada unha ferramenta auxiliar que resulta extraordinariamente útil e que é moi empregada polos estudantes. Trátase dun conxugador verbal que permite coñecer o paradigma de todos os verbos regulares e irregulares presentes no dicionario, e non só na súa forma gráfica, senón tamén na súa pronunciación. Un número non pequeno de consultas de verbos no DRAG non van dirixidas a coñecer o seu significado, senón a coñecer a súa conxugación, e de maneira particular a pronunciación das vogais *e* e *o* de determinadas formas verbais, aspecto moi importante sobre todo nos verbos da 2ª conxugación, onde a maioría teñen alternancia no radical (*bebo* [e]/ *bebes* [ɛ], *bebe* [ɛ], *beben* [ɛ]; *como* [o] / *comes* [ɔ], *come* [ɔ], *comen* [ɔ]), aínda que hai algúns que non a presentan, como *creer* (*creo*, *eres*, *cre*, *cren*, todos con [e]) ou *esquecer* (*esquezo*, *esqueces*, *esquece*, *esquecen*, todos con [ɛ]).

Non hai ningunha dúbida de que o elevado número de buscas de verbos como *poder*, *dar*, *vir*, *ir*, *ter*, *ver*, *facer*, *ser*, *dicir*, *haber*, *cumprir* ou *estar* obedecen ao desexo de coñecer a súa conxugación irregular ou a grafía e pronunciación fonética dalgunha das súas formas.

3.6.3. O estudo da ortografía

Xa dixemos máis arriba que un dos motivos frecuentes polos que se acode ao DRAG é a necesidade de coñecer a ortografía correcta dunha voz, sobre todo naqueles casos en que se ten a sospeita de que existe algunha diferenza con respecto ao castelán. Nunha situación na que os alumnos do sistema escolar de Galicia están en contacto diario co castelán e co galego e na que estudan ao tempo as dúas linguas, é normal que a estes lles xurdan dúbidas en casos de palabras homófonas e co mesmo significado nestas dúas linguas, pero que se escriben con grafías diferentes.

3.6.3.1. O uso do h

3.6.3.1.1. *ola!*

Un dos casos típicos de consulta do DRAG por esta razón é o da exclamación *ola!*, que en castelán se escribe con *h* e en galego sen *h*, e este é sen dúbida o principal factor que explica o elevadísimo número de usuarios que acoden ao DRAG en busca de información sobre esta voz.

Pero a este alto índice de consultas deberon contribuír tamén outros dous factores máis. Seguramente algunhas das buscas sexan debidas á procura do usuario de información sobre a voz correcta galega para o concepto ‘ondulación na auga do mar’ que en castelán se expresa por *ola* e que en galego se expresa maioritariamente mediante *onda* ou *vaga*. E mesmo seguramente haberá un grupo non desprezable de consultas que pretenden información sobre o significado ou significados do substantivo *ola* como recipiente usado para cociñar ou como medida de capacidade para líquidos.

3.6.3.1.2. *aí*

Un caso similar é o do adverbio *aí*. O mesmo que ocorre con *ola*, tamén na grafía do adverbio *aí* hai unha diverxencia entre o galego e o castelán: mentres que o castelán o grafa con *h* intercalado, o galego prescinde deste grafema. É, polo tanto, lóxico que moitas persoas teñan dúbida á hora de escribir e acudan ao dicionario para estaren certos de se deben escribilo con ou sen *h*.

Á parte dos problemas gráficos debemos ter en conta que estamos diante dun adverbio que aparece frecuentemente nos exercicios escolares cando se estuda esta clase de palabras, xa que forma parte da serie *aquí | aí | alí | acá | alá | acó | aló | acolá*, que o alumno ten que aprender a discriminar e utilizar con propiedade. E sabemos ben que a realización dos exercicios escolares é un dos factores que máis inciden na busca das palabras no dicionario. Dentro do campo escolar tamén inciden na consulta desta palabra os exercicios destinados a fixar os valores das locucións adverbiais que teñen como núcleo *aí*, tales como *aí atrás* ‘hai algún tempo’, *aí mesmo* ‘moi cerca do que escoita ou do mencionado no discurso’, *por aí* ‘aproximadamente’...

3.6.3.2. A grafía *b* / *v*: gravar

A aprendizaxe da utilización tanto en galego coma en castelán do uso de *b* e de *v* comporta dificultades intrínsecas, xa que as dúas grafías corresponden a unha mesma realización fonética: non hai nada que nos faga prever que *favor* se escribe con *v* e *labor* se escribe con *b*. Pero esta dificultade aínda se incrementa cando existe diverxencia na grafía *v* ou *b* entre a forma castelá e a forma galega. Tal é o caso, por exemplo, do verbo *gravar* nos sentidos de ‘representar [algo] nunha superficie de madeira, metal etc., por medio de pequenos cortes ou por medio dunha reacción química’, ‘rexistrar [sons, imaxes] nun disco, fita etc., para despois podelos reproducir’ ou de ‘fixar na mente [un recordo, impresión, idea etc.]’, que en galego se grafa con *v*, pero en castelán con *b*. Este feito fai vacilar os usuarios que, ante a dúbida, adoitan acudir ao dicionario. Este problema, co que se atopa calquera persoa, ten unha importancia e incidencia moito maior no ámbito escolar, onde os alumnos estudan obrigatoriamente as dúas linguas, e necesitan fixar a grafía diferente en cada unha delas.

3.6.3.3. O acento diacrítico

Hai unha serie de palabras homógrafas, que nalgúns casos se diferencian polo carácter tónico dunha delas fronte ao átono da outra, ou pola pronunciación distinta das vogais *e* ou *o* que levan na sílaba acentuada. Cando estas palabras aparecen en contextos semellantes que poidan levar á confusión entre elas, é necesario diferencialas mediante un acento diacrítico, que xeralmente se pon no elemento do par que é portador da vogal de timbre aberto ou que adoita posuír un maior grao de tonicidade dentro do enunciado.

Esta é a principal razón da consulta de *só* [ɔ] (adverbio, adxectivo ou substantivo) e de *so* [o] (preposición co significado de ‘debaixo de’), *fóra* [ɔ] (adverbio con acento diacrítico para diferencialo da forma verbal *fóra* [o]), *máis* (adverbio de cantidade, indefinido ou substantivo para diferencialo da conxunción adversativa *mais*), *présa* [ɛ] (substantivo que indica ‘rapidez con que se fai algo’ para diferencialo do substantivo *presa* [e] ‘o que se apreixa dunha soa vez coas mans’, ‘construción feita nunha corrente de auga, consistente

nun muro que detén a auga para acumulala’, ‘canle que conduce a auga desde o río ao lugar a que é destinada’, ‘cousa ou conxunto de cousas que se collen á forza despois dunha loita’, ‘animal que se captura’ e do *presa* [e], participio do verbo *prender*), *pé* [ɛ] (‘membro inferior do corpo’, ‘planta’..., para distinguilo de *pe* [e] (‘nome da letra p’), *é* (do verbo ser) e o seu homónimo sen acento *e* (conxunción copulativa), *dó* (substantivo, tanto no significado de ‘compaixón’ coma no de ‘primeira nota da escala musical’) para diferencialo de *do* (‘amalgama de *de* + *o*), *bóla* [ɔ] (‘obxecto en forma de esfera’) para diferencialo de *bola* [o] ‘tipo de pan’).

Unha parte importante das buscas dos verbos *vir* e *ver* corresponden tamén sen dúbida á comprobación da grafía correcta das formas homónimas *véñ* [ɛ] (p³ do presente de indicativo do verbo *vir*) e *ven* [e] (p³ do presente de indicativo do verbo *ver*). E o mesmo podemos dicir do verbo *dar*, onde algunhas das consultas están relacionadas co acento diacrítico que diferencia a forma *dá* deste verbo da amálgama *da* resultado da fusión de *de* + *a*.

4. CONCLUSIÓN

Despois de repasar as 50 palabras máis buscadas no DRAG ao longo do ano 2017 estamos en disposición de responder unha serie de preguntas importantes:

Que buscan maioritariamente os usuarios no DRAG? Información sobre o significado exacto dunha voz (*afouteza*, *sapoconcho*, *teimudo*, *miñaxoia*...), información sobre a autenticidade galega dunha voz (*desfrutar*), información sobre a súa ortografía correcta (*aí*, *ola!*, *presa* / *présa*), información sobre a súa pronunciación (*ven* / *véñ*), información sobre o seu xénero (*labor*), información sobre a conjugación correcta dun verbo (*cumprir*).

Que características principais presentan as voces máis buscadas no DRAG? Son na súa maioría palabras que carecen de cognados no castelán, voces que presentan algún tipo de homonimia (homografía ou homofonía), voces que presentan algún problema gráfico (dúbida sobre se se escribe con ou sen *h*, con *b* ou con *v*, con ou sen acento diacrítico..., especialmente aquelas que presentan

diferencia con respecto á grafía do castelán), voces que presentan un xénero gramatical distinto do castelán, verbos que presentan irregularidades no seu paradigma.

Que factores externos inflúen no maior número de buscas dunha palabra no DRAG? O factor sen dúbida máis determinante é que a palabra estea máis exposta e máis visible na sociedade, e isto determínoa fundamentalmente a súa presenza nos medios de comunicación social, xeralmente como consecuencia dalgún feito ou dalgunha circunstancia que causa un certo impacto e que se difunde socialmente. Hai outro factor externo tamén moi importante, que é a presenza destacada dunha palabra na escola, por estar presente nalgún texto ou material de traballo e, sobre todo, por estar presente nos exercicios escolares.

BIBLIOGRAFÍA

- Borrazás, X. (1994): *Criminal*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- CORGA = Rojo, G. e M.^a S. López Martínez (dirs.) (2019): *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) [3.1]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en <http://corpus.cirp.gal/corga/>.
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2006-): *Dicionario da Real Academia Galega* [web]. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/diccionario>
- González González, M. [et al.] (2002): *Dicionario de verbos galegos Laverca*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. (Contén CD-ROM co programa Laverca 1.0).
- Méndez Ferrín, X.L. (2017): “Chimpín”, *Faro de Vigo* 19/V/2017.
- Regueira, X. L. (2010): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- TILG = Santamarina, A.(dir.) (2018): *Tesouro informatizado da lingua galega* (4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <http://ilg.usc.es/TILG/>
- Valadé del Río, E. (1993): *Pleno ordinario. (Súas señorías e a lería das autovías)*. Santiago de Compostela: Edicións Lairovento.